



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

Outubro 2024

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2024

Instituto Galego de Estatística
Complejo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade do sector servizos. Base 2021. Outubro 2024

- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de outubro en Galicia un crecemento do 14,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa superior en 13,5 puntos á do mes de setembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 6,4%, taxa superior en 4,4 puntos á do mes anterior.
- A cifra de negocios aumenta en todas comunidades autónomas no mes de outubro.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 0,3% e en España un 1,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En dezaseis comunidades autónomas aumenta o persoal ocupado no mes de outubro.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de outubro en Galicia un crecemento do 14,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa superior en 13,5 puntos á do mes de setembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 6,4%, taxa superior en 4,4 puntos á do mes anterior.



O *Comercio*, cun crecemento do 13,9%, suma 10 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 14,7%. En España a facturación no *Comercio* medra o 5,6% e os *Outros servizos* medran o 7,8%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* rexistra un aumento do 17,5% e o *Comercio ao retalho* aumenta o 3,8%, co que suman 8,9 e 0,6 puntos respectivamente a taxa de variación do índice xeral. A *Venta e reparación de vehículos de motor* crece o 7,9% e achega 0,5 puntos á taxa de variación do índice xeral. A nivel nacional, a *Venta e reparación de vehículos de motor* crece o 11,5%, o *Comercio por xunto* aumenta o 4,9% e o *Comercio ao retalho* o 4,7%.

Nos *Outros servizos*, os maiores crecementos rexístranse nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (19,7%) e no *Transporte* (19,6%).

En España, os *Outros servizos* crecen o 7,8%. O maior incremento prodúcese nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (12,4%).

No acumulado do ano, a cifra de negocios aumenta un 3% tanto en Galicia coma en España. A *Venta e reparación de vehículos de motor* rexistra o maior incremento tanto en Galicia como en España mentres que *Comercio por xunto* é o único sector con caída, -0,9% en Galicia e -1,2% en España.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice crece o 13,7% no mes de outubro.


O sector con maior incremento é o das *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (20,7%).

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 11,4% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 12,4%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de outubro, a cifra de negocios aumenta en todas as comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior. Galicia (14,1%), La Rioja (12,5%) e Canarias (9,5%) son as comunidades con maior incremento da facturación. O menor crecemento rexístrase en Aragón (2%).

Nos primeiros dez meses do ano, a cifra de negocios aumenta en dezaseis comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en La Rioja (10,3%), Illes Balears (6,9%) e Cantabria (5,7%). Diminúe a facturación en Aragón (-0,3%).

Índices de cifra de negocios. Outubro 2024

Taxa de variación en %




2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 0,3% respecto ao mes de outubro de 2023, menos que en España (1,6%).

O persoal ocupado crece un 0,2% no *Comercio* e un 0,3% nos *Outros servizos*. O sector con maior incremento é *Transporte* (4,4%).

En España, o persoal ocupado aumenta un 1,5% no *Comercio* e un 1,6% nos *Outros servizos*. O maior crecemento rexístrase na *Venda e reparación de vehículos de motor* (2,3%).



No que vai de ano, a ocupación aumenta un 1,3% en Galicia e un 1,8% en España. *Venda e reparación de vehículos de motor* e *Información e comunicacións* rexistran o maior incremento en Galicia. En España, os maiores crecementos rexístranse en *Hostalería* e *Actividades administrativas e servizos auxiliares*.


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de outubro con respecto ao mesmo mes do ano 2023 agás La Rioja onde se mantén sen cambios. O maior crecemento rexístrase en Navarra (2,5%).

No acumulado do ano, todas as comunidades incrementan o persoal ocupado, rexistrando o maior crecemento Canarias (3,3%).

Índices de persoal ocupado. Outubro 2024

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios.Octubro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	150,3	14,1	3,0
Comercio	152,4	13,9	1,7
Venta e reparación de vehículos de motor	155,7	7,9	20,2
Comercio por xunto	163,3	17,5	-0,9
Comercio ao retallo	121,2	3,8	3,5
Outros servizos	144,8	14,7	6,8
Transporte	165,1	19,6	6,8
Hostalería	154,7	1,0	3,5
Información e comunicacións	133,4	11,7	13,5
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	127,8	19,7	6,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	122,6	15,6	6,5
España			
Xeral	131,9	6,4	3,0
Comercio	127,8	5,6	1,3
Venta e reparación de vehículos de motor	146,6	11,5	8,9
Comercio por xunto	124,7	4,9	-1,2
Comercio ao retallo	128,9	4,7	3,9
Outros servizos	139,3	7,8	6,0
Transporte	139,9	8,1	4,3
Hostalería	165,3	6,5	8,0
Información e comunicacións	123,5	5,9	5,2
Actividades inmobiliarias	123,7	-5,1	2,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	134,4	12,4	7,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	168,8	11,2	7,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Outubro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	149,5	13,7	6,8
Comercio	148,3	15,1	6,6
Transporte	159,2	19,0	7,3
Hostalería	163,9	1,5	3,5
Información e comunicacións	138,7	12,7	14,7
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	136,7	20,7	12,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	124,3	15,2	6,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Outubro 2024**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	131,9	6,4	3,0
Andalucía	129,6	7,1	4,5
Aragón	126,0	2,0	-0,3
Asturias	131,0	8,5	5,2
Balears, Illes	156,4	9,3	6,9
Canarias	156,8	9,5	5,3
Cantabria	126,9	8,0	5,7
Castilla y León	125,4	5,6	3,8
Castilla-La Mancha	131,2	9,2	5,0
Cataluña	131,7	5,9	3,5
Comunitat Valenciana	125,3	7,9	4,8
Extremadura	126,3	9,0	4,0
GALICIA	150,3	14,1	3,0
Madrid	130,9	3,7	0,7
Murcia	119,6	4,8	2,4
Navarra	134,1	6,2	5,3
País Vasco	128,9	6,6	0,5
Rioja, La	138,4	12,5	10,3

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Outubro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	105,9	0,3	1,3
Comercio	103,4	0,2	0,6
Venta e reparación de vehículos de motor	99,8	3,4	3,6
Comercio por xunto	103,5	-0,7	0,6
Comercio ao retalho	104,1	0,1	0,0
Outros servizos	107,4	0,3	1,8
Transporte	104,8	4,4	1,9
Hostalería	111,5	-4,8	0,8
Información e comunicacións	112,3	1,4	3,5
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,5	2,4	2,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	105,4	1,4	2,0
España			
Xeral	108,7	1,6	1,8
Comercio	105,7	1,5	1,8
Venta e reparación de vehículos de motor	105,1	2,3	2,2
Comercio por xunto	105,3	0,9	1,5
Comercio ao retalho	106,0	1,8	1,9
Outros servizos	110,3	1,6	1,9
Transporte	108,6	1,2	1,2
Hostalería	117,5	1,8	2,3
Información e comunicacións	111,9	1,0	1,9
Actividades inmobiliarias	100,5	-0,2	-0,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,7	1,4	1,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	107,7	2,2	2,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Outubro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	108,7	1,6	1,8
Andalucía	108,0	1,8	1,7
Aragón	105,6	1,9	2,1
Asturias	105,5	0,1	1,1
Balears, Illes	125,2	1,1	1,7
Canarias	114,1	2,5	3,3
Cantabria	104,2	0,9	1,2
Castilla y León	103,7	0,7	1,1
Castilla-La Mancha	107,4	1,9	1,2
Cataluña	109,2	1,8	2,2
Comunitat Valenciana	106,3	1,7	1,5
Extremadura	106,1	0,6	0,9
GALICIA	105,9	0,3	1,3
Madrid	110,8	2,0	2,1
Murcia	106,9	0,6	1,7
Navarra	107,7	2,5	1,3
País Vasco	104,9	0,8	1,1
Rioja, La	105,9	0,0	1,6

Fonte: INE